

EIXE 2 | A Recuperación como meta

RESILIENCIA

Entidade executante

Cáritas Diocesana Ourense

(<https://www.caritasourense.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no ámbito territorial do Concello de Ourense (posibilidade de persoas de concellos limítrofes: Barbadás, Coles, Amoeiro, Toén, San Cibrao das Viñas e Pereiro de Aguiar).

Persoas destinatarias

As persoas destinatarias da acción son mulleres e homes cun trastorno mental (incluídos os aditivos) en situación de vulnerabilidade no que a súa situación persoal, non lles proporciona un marco estable de convivencia, ben xa sexa por padecer un trastorno mental e/ou unha adición.

Obxectivos

Obxectivo xeral: Garantir o dereito á saúde integral das persoas con trastornos mentais (incluídos os trastornos aditivos), procurando a súa incorporación social e a mellora da empregabilidade.

Obxectivos específicos:

Acoller e avaliar de maneira integral a través do acompañamento 24h/365días.
Mellorar as competencias persoais cun traballo individualizado mediante IPI.
Garantir unha vida sa promovendo o seu benestar.
Favorecer o acceso a redes de participación social potenciando un ocio saudable.
Mellorar a empregabilidade proporcionándolles as ferramentas necesarias.
Empoderar ás persoas proporcionándolle as estratexias e competencias necesarias de cara a súa autonomía persoal e ao acceso á vivenda.
Fortalecer espazos de coordinación interna e externa coas administracións e con outras entidades sociosanitarias.
Sensibilizar socialmente sobre a situación das persoas, a súa invisibilidade, vulnerabilidade e a súa perda de dereitos.

Metodoloxía

Complementamos, e maioritariamente cubrir, a necesidade de **acompañamento social** ás persoas, iniciando procesos de mellora, mediante un **traballo individualizado**. Esta labor vai dirixida á motivación para o cambio. O proceso xeral é dunha atención gradual, precisa garantir que as adquisicións promotoras de cambio se establezcan para que sexa eficaz e se incorporen ás pautas cotiás da vida